

IES PLURILINGÜE RAFAEL DIESTE

CONCRECIÓN CURRICULAR

documento n.º 2 do proxecto educativo



Aprobada no Claustro o 2 de maio de 2019
Aprobadas modificacións no Claustro o 28 de xaneiro de 2020
Informado o Consello Escolar das modificacións o 28 de xaneiro de 2020

Índice

1. ASPECTOS XERAIS.....	3
1.1. Adecuación dos obxectivos ao contexto.....	3
1.1.1. Obxectivos da educación secundaria obrigatoria.....	3
1.1.2. Obxectivos xerais do Bacharelato.....	4
1.2. Orientacións xerais sobre metodoloxía.....	5
1.3. Porcentaxe de contribución de cada materia ás competencias clave.....	7
1.4. Tratamento dos valores nas distintas materias.....	11
1.5. Procedemento de acreditación de coñecementos previos no bacharelato.....	13
1.6. Criterios xerais sobre avaliación, promoción e titulación.....	15
1.6.1. Criterios xerais sobre avaliación.....	15
1.6.2. Criterios xerais de promoción.....	16
1.6.3. Criterios xerais de titulación.....	20
1.7. Criterios xerais para a concesión da matrícula de honra.....	23
1.7.1. Na ESO:.....	23
1.7.2. No Bacharelato:.....	23

1. ASPECTOS XERAIS

1.1. Adecuación dos obxectivos ao contexto

1.1.1. Obxectivos da educación secundaria obrigatoria

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo, capacidade, **raza, relixión, etnia, cultura, etc, potenciando valores como a solidariedade, a tolerancia, o diálogo, o coñecemento e o respecto á diversidade**. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse en unha o dúas linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos *tanto da cultura e historia propia como da cultura e a historia e o patrimonio cultural e artístico doutras culturas coma a latinoamericana ou a xitana, entre outras*. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, e a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona

1.1.2. Obxectivos xerais do Bacharelato

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a. Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b. Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c. Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade. Promover a igualdade entre mulleres e homes, loitando contra toda forma de discriminación por razón de sexo, a través de medidas inclusivas, colaborativas e non discriminatorias.

- d. Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e. Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f. Expresarse con fluidez e corrección en unha ou varias linguas estranxeiras.
- g. Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación, fomentando o uso técnico e ético das Tecnoloxías da Información e da Comunicación entre a comunidade educativa.
- h. Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i. Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida. Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m. Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n. Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ. Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables fomentando hábitos de vida saudables e respectuosos co medio ambiente
- o. Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p. Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuirá súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

1.2. Orientacións xerais sobre metodoloxía

A Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato, establece no Anexo II as orientacións para facilitar o desenvolvemento de estratexias metodolóxicas que permitan traballar por competencias na aula:

- Planificación rigorosa dos obxectivos que se pretenden conseguir, recursos necesarios, métodos didácticos máis adecuados e avaliación da aprendizaxe.
- Elección dos métodos didácticos en función das metas e dos condicionantes que ten o ensino co fin de propiciar unha aprendizaxe competencial no alumnado.
 - a natureza da materia,
 - as condicións socioculturais,
 - a dispoñibilidade de recursos e
 - as características do alumnado.
- Os métodos deben partir da perspectiva do **docente** como **orientador, promotor e facilitador** do desenvolvemento competencial no alumnado; enfocándose á realización de tarefas ou situacións-problema, formuladas cun obxectivo concreto, que o alumnado debe resolver facendo un uso adecuado dos distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores; así mesmo, deben ter en conta a atención á diversidade e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe mediante prácticas de traballo individual e cooperativo.
- As **metodoloxías** seleccionadas polos docentes para favorecer o desenvolvemento competencial dos alumnos e alumnas se deben axustar ao **nivel inicial** destes. Ademais, é necesario secuenciar o ensino de tal modo que se parta de aprendizaxes máis simples para avanzar gradualmente cara a outras máis complexas.
- Elemento clave no ensino por competencias é **espertar e manter a motivación** cara á aprendizaxe no alumnado, o que implica unha nova formulación do papel do **alumno, activo e autónomo**, consciente de ser o responsable da súa aprendizaxe. O profesorado debe ser quen de xerar no alumnado a curiosidade e a necesidade por adquirir os coñecementos, as destrezas e as actitudes e valores presentes nas competencias. É necesario que os profesores procuren todo tipo de axudas para que os estudantes comprendan o que aprenden, saiban para que o aprenden e sexan quen de usar o aprendido en distintos contextos dentro e fóra da aula.
- Requírense, ademais, **metodoloxías activas e contextualizadas**. Aquelas que faciliten a participación e implicación do alumnado e a adquisición e uso de coñecementos en situacións reais serán as que xeren aprendizaxes máis transferibles e duradeiras.
- As metodoloxías activas débense apoiar en estruturas de **aprendizaxe cooperativa**, de forma que, a través da **interdependencia** na resolución conxunta das tarefas, os membros do grupo coñezan as estratexias utilizadas polos seus compañeiros e poidan aplicalas a situacións similares, á vez que desenvolven habilidades sociais e comunicativas, favorecendo unha aprendizaxe máis integral.
- As **estratexias interactivas** son as máis adecuadas, ao permitir compartir e construír o coñecemento e dinamizar a sesión de clase mediante o **intercambio** verbal e colectivo de ideas. As metodoloxías que contextualizan a aprendizaxe e permiten a aprendizaxe por proxectos, os

centros de interese, o estudo de casos ou a aprendizaxe baseada en problemas favorecen a participación activa, a experimentación e unha aprendizaxe funcional que vai facilitar o desenvolvemento das competencias, así como a motivación dos alumnos e alumnas ao contribuír decisivamente á transferibilidade das aprendizaxes.

- O **traballo por proxectos**, especialmente relevante para a aprendizaxe por competencias, baséase na proposta dun plan de acción co que se busca conseguir un determinado resultado práctico. Esta metodoloxía pretende axudar o alumnado a organizar o seu pensamento **favorecendo neles a reflexión, a crítica, a elaboración de hipóteses e a tarefa investigadora** a través dun proceso en que cada un asume a responsabilidade da súa aprendizaxe, aplicando os seus coñecementos e habilidades a proxectos reais. Favorece unha aprendizaxe orientada á acción na cal se integran varias áreas ou materias: os estudantes poñen en xogo un conxunto amplo de coñecementos, habilidades ou destrezas e actitudes persoais, é dicir, os elementos que integran as distintas competencias.
- A selección e uso de **materiais e recursos didácticos** constitúe un aspecto esencial da metodoloxía; diferentes tipos de materiais, adaptados aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe do alumnado, co obxecto de atender á diversidade coa que contamos nas nosas aulas e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes. Débese potenciar o uso dunha variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a **integración das tecnoloxías da información e a comunicación** no proceso de ensino-aprendizaxe que permiten o acceso a recursos virtuais, especialmente no alumnado con medidas de reforzo e apoio.
- É necesaria unha adecuada **coordinación entre os docentes** sobre as estratexias metodolóxicas e didácticas que se utilicen. Os equipos educativos débense propor unha reflexión común e compartida sobre a eficacia das diferentes propostas metodolóxicas con criterios comúns e consensuados que permitan abordar con rigor o tratamento integrado das competencias e progresar cara a unha construción colaborativa do coñecemento. Especial relevancia adquiren as **reunións de departamento**, e da **Comisión de Coordinación Pedagóxica** na procura da coordinación necesaria, que deberán ter, tal e como contempla a normativa, unha **frecuencia mensual**.

1.3. Porcentaxe de contribución de cada materia ás competencias clave

A descrición das relación entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato será a establecida de conformidade coa Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

O Decreto 86/2015 establece o seguinte:

- Artigo 3. “**Potenciarase** o desenvolvemento da competencia de comunicación **lingüística**, da competencia **matemática** e das competencias básicas en **ciencia e tecnoloxía**”
- Artigo 21. “A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado deberá ser **integradora**, e deberá terse en conta **desde todas as materias** a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e do desenvolvemento das competencias correspondente. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de xeito diferenciado a avaliación de cada materia tendo en conta os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe de cada unha delas.”

Partindo do anterior, **o equipo docente do IES Plurilingüe Rafael Dieste considera priorizar as materias troncais na contribución á consecución da Competencia lingüística (CCL) e da Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).**

Na valoración da Competencia lingüística (CCL) e da Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT) atribúese unha porcentaxe do 90% ás materias troncais estritamente relacionadas e do 10% ao resto das materias que cursa o alumno.

Contribución á competencia en comunicación lingüística

CCL	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO		
				Itinerario académicas		Itinerario aplicadas
				BX / FQ	Eco / Lat	
Lingua Castelá	22,5%	22,5%	30%	30%	22,5%	30%
Lingua Galega	22,5%	22,5%	30%	30%	22,5%	30%
1ª lingua estranxeira	22,5%	22,5%	30%	30%	22,5%	30%
Latín	x	x	x	x	22,5%	x
2ª lingua estranxeira	22,5%	22,5%	x	x	x	x
Xeografía e Historia	1,43%	1,25%	1%	1,25%	1,43%	1,25%
Bioloxía e Xeoloxía	1,43%	x	1%	1,25%	x	x
Matemáticas	1,43%	1,25%	1%	1,25%	1,43%	1,25%
Física e Química	x	1,25%	1%	1,25%	x	x
Tecnoloxía (troncal)	x	1,25%	1%	x	x	x
Economía	x	x	x	x	1,43%	x
Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional	x	x	x	x	x	1,25%
Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial	x	x	x	x	x	1,25%

Educación Plástica, Visual e Audiovisual	1,43%	x	1%	x	x	x
Educación Física	1,43%	1,25%	1%	1,25%	1,43%	1,25%
Música	x	1,25%	1%	x	x	x
Libre Configuración	1,43%	1,25%	x	x	x	x
Optativa 1	x	x	1%	1,25%	1,43%	1,25%
Optativa 2	x	x	x	1,25%	1,43%	1,25%
Relixións / Valores éticos	1,43%	1,25%	1%	1,25%	1,43%	1,25%

Contribución á competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

CMCCT	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO		
				Itinerario académicas		Itinerario aplicadas
				BX / FQ	Eco / Lat	
Bioloxía e Xeoloxía	45%	x	22,5%	30%	x	x
Matemáticas	45%	30%	22,5%	30%	45%	30%
Física e Química	x	30%	22,5%	30%	x	x
Economía	x	x	x	x	45%	x
Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional	x	x	x	x	x	30%
Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial	x	x	x	x	x	30%
Tecnoloxía	x	30%	22,5%	x	x	x
Lingua Castelá	1,12%	1,11%	1,11%	1,25%	1,12%	1,25%
Lingua Galega	1,11%	1,11%	1,11%	1,25%	1,11%	1,25%
Xeografía e Historia	1,11%	1,11%	1,11%	1,25%	1,11%	1,25%
1ª Lingua estranxeira	1,11%	1,11%	1,11%	1,25%	1,11%	1,25%
Latín	x	x	x	x	1,11%	x
Educación Plástica, Visual e Audiovisual	1,11%	x	1,11%	x	x	x
Educación Física	1,11%	1,11%	1,11%	1,25%	1,11%	1,25%
2ª lingua estranxeira	1,11%	1,11%	x	x	x	x
Música	x	1,11%	1,11%	x	x	x
Libre Configuración	1,11%	1,11%	x	x	x	x

Optativa 1	x	x	1,11%	1,25%	1,11%	1,25%
Optativa 2	x	x	x	1,25%	1,11%	1,25%
Relixións / Valores éticos	1,11%	1,11%	1,11%	1,25%	1,11%	1,25%

Contribución ao resto de competencias (CD, CAA, CSC, CSIEE, CCEC)

CD, CAA, CSC, CSIEE, CCEC	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO		
				Itinerario académicas		Itinerario aplicadas
				BX / FQ	Eco / Lat	
Lingua Castelá	9,09%	8,33%	7,69%	9,09%	9,09%	9,09%
Lingua Galega	9,09%	8,33%	7,69%	9,09%	9,09%	9,09%
1ª lingua estranxeira	9,09%	8,33%	7,69%	9,09%	9,09%	9,09%
Xeografía e Historia	9,09%	8,33%	7,69%	9,09%	9,09%	9,09%
Latín	x	x	x	x	9,09%	x
Bioloxía e Xeoloxía	9,09%	x	7,69%	9,09%	x	x
Matemáticas	9,09%	8,33%	7,69%	9,09%	9,09%	9,09%
Física e Química	x	8,33%	7,69%	9,09%	x	x
Tecnoloxía (troncal)	x	8,33%	7,69%	x	x	x
Economía	x	x	x	x	9,09%	x
Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional	x	x	x	x	x	9,09%
Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial	x	x	x	x	x	9,09%
Educación Plástica, Visual e Audiovisual	9,09%	x	7,69%	x	x	x
Educación Física	9,09%	8,33%	7,69%	9,09%	9,09%	9,09%
2ª lingua estranxeira	9,09%	8,33%	x	x	x	x
Música	x	8,33%	7,69%	x	x	x
Libre Configuración	9,09%	8,33%	x	x	x	x
Optativa 1	x	x	7,69%	9,09%	9,09%	9,09%
Optativa 2	x	x	x	9,09%	9,09%	9,09%
Relixións / Valores éticos	9,09%	8,33%	7,69%	9,09%	9,09%	9,09%

1.4. Tratamento dos valores nas distintas materias

A educación en valores forma parte da educación integral do alumnado e é esencial para o desenvolvemento da súa personalidade. Os valores reflicten o tipo de sociedade que queremos construír. Na actual democracia española baséanse primordialmente no respecto polos dereitos humanos e as liberdades fundamentais, na igualdade entre homes e mulleres e na convivencia pacífica.

Considérase fundamental a formación no respecto e recoñecemento da pluralidade lingüística e cultural como un elemento enriquecedor da sociedade. O coñecemento dunha ou varias linguas estranxeiras, como vehículo de transmisión cultural que son, favorece a tolerancia e o respecto a outras culturas relacionando a cultura propia coa estranxeira, superando prexuízos, favorecendo actitudes positivas como a cooperación, o respecto,...

Os elementos transversais están establecidos no artigo 4 do Decreto 86/2015.

Sen prexuízo do tratamento específico nalgunha materia de cada etapa, **todas as materias traballarán:**

- A comprensión lectora, segundo se establece no Plan Lector do centro
- A expresión oral e escrita.
- A comunicación audiovisual
- As Tecnoloxías da información e da Comunicación
- O emprendemento
- A educación cívica e constitucional
- A programación docente debe abranguer en todo caso a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia.

O traballo realizado en todas as materias terá como finalidade formar alumnado que, ademais de capacitarse nos conceptos propios de cada materia, desenvolva a súa personalidade e capacidades, fomentando o espírito crítico e formando cidadáns máis completos, respectuosos e xustos.

Ademais, débense traballar, tanto a nivel de centro como a través das iniciativas da Consellería de Educación:

- O desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres. Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.
- A prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade

- Os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- A aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- A aprendizaxe dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permiten afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
- Accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario das vías, en calidade de peóns, viaxeiros e condutores de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

Para o tratamento dos elementos transversais contemplaranse as seguintes **estratexias**:

- Incorporación na oferta educativa do centro das seguintes materias de libre configuración:: Afondamento de inglés (1º ESO), Investigación e Tratamento da Información (2º ESO), Oratoria (2º ESO), Debate de actualidade (1º bacharelato), Fundamentos léxicos da arte e da ciencia (1º bacharelato), Autoadestramento (2º bacharelato), Prácticas de comentario de texto (2º bacharelato).
- Incorporación nas programacións didácticas dos diferentes departamentos.
- Traballar de forma máis específica determinados valores nas datas nas que a sociedade os conmemora: Día das Persoas con discapacidade, Día contra a violencia de xénero, Día dos Dereitos Humanos, Día da Muller traballadora, Día da Paz,...
- Campañas de sensibilización sobre determinados temas: alimentación saudable, consumo responsable, identidade dixital, inmigración, Europa, educación ambiental,...
- Optar por un tratamento interdisciplinar, tanto de modo xeral na Semana Cultural coma de forma puntual con acordos entre varios Departamentos para abordar a mesma temática,
- Realización de obradoiros específicos para abordar algún destes temas: educación en valores, habilidades sociais e resolución de conflitos, educación vial, afectividade e sexualidade, prevención de drogodependencias,...

- Participación en programas específicos: Mediación entre iguais, Programas socioeducativos, ...
- Noutras ocasións os temas xorden espontaneamente e aproveitamos para provocar a reflexión e a investigación sobre determinados aspectos.

1.5. Procedemento de acreditación de coñecementos previos no bacharelato

No **Anexo VI do Decreto 86/2015** recóllense unha serie de materias que implican continuidade dentro do Bacharelato.

Esta continuidade supón que *“a superación das materias de 2º curso está condicionada á superación das materias correspondentes do 1º curso... Non obstante o alumnado poderá cursar en segundo curso materias condicionadas á superación de materias non cursadas en 1º curso... “* **por algún dos seguintes procedementos:**

1. Cursando como pendentas e superando as correspondentes materias de 1º:

Este procedemento é **obrigado** para todas as materias **troncais xerais** incluídas no **anexo VI** que deben ser cursadas e cualificadas obrigatoriamente:

- i.* **Lingua Galega e Literatura I**
- ii.* **Lingua Castelá e Literatura I**
- iii.* **Matemáticas I**
- iv.* **Primeira Lingua Estranxeira I**
- v.* **Latín I**
- vi.* **Matemáticas Aplicadas ás CC. Sociais I**
- vii.* **Fundamentos de Arte I**

Este mesmo procedemento **pode empregarse** para o resto das materias de continuidade incluídas no **Anexo VI**.

As materias cursadas e superadas por este procedemento computarán en todos os casos como materias esixibles para a obtención do título.

2. Acreditando coñecementos previos suficientes.

O alumnado poderase matricular da materia de segundo curso sen cursar a correspondente materia de primeiro curso, sempre que o profesorado que a imparta considere que o alumno ou a alumna reúne as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo.

En calquera caso, a decisión de que o alumnado reúne as condicións para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo curso deberase adoptar segundo criterios obxectivos e avaliábeis, de maneira que sexa posible acreditar tal condición. **O departamento didáctico correspondente poderá realizar unha proba.**

A data límite para realizar esta acreditación será **antes do inicio** das actividades lectivas. Desta circunstancia deixarase constancia mediante unha **dilixencia no historial académico, no expediente académico** e, de ser o caso, por medio de observación no informe persoal por traslado.

Esta materia de primeiro curso **non computará** en ningún caso como materia exixible para reunir as condicións necesarias para poder presentarse á avaliación final da etapa.

Este procedemento pode levarse a cabo **coas materias que non sexan troncais xerais** incluídas no **Anexo VI** e desenvolverase de acordo cos seguintes criterios:

- a) O **departamento** correspondente deberá:
 - i.* Adoptar *criterios obxectivos e avaliábeis ben sexa*:
 1. Fixando o **grao mínimo de consecución dos criterios de avaliación e dos estándares** para superar a materia de 1º curso e deseñando **unha proba** que sirva para acreditar dita consecución....
 2. Fixando outro criterio que sirva para acreditar ditos coñecementos.
- b) O **profesor** da materia **de 2º** curso deberá:
 - i.* Aplicar a proba deseñada polo departamento “*antes do comezo das actividades lectivas*”
 - ii.* Deixar constancia mediante dilixencia tanto nos seguintes documentos de avaliación:
 1. *Historial Académico*
 2. *Expediente Académico*
 3. *Informe persoal por traslado (se fóra o caso)*

*As materias acreditadas por este procedemento **NON COMPUTARÁN** en ningún caso como materias esixibles para reunir as condicións necesarias para obter o título..... (Artº 23º da Resolución do 20/7/2017)*

Os departamentos responsables das diferentes materias **reflectirán nas programacións didácticas o procedemento de acreditación de coñecementos previos elixido.**

Referencia legislativa:

1. Artº 36º e Anexo VI do D. 86/2015 (DOG29/6)
2. Artº 23º da Resolución 20/7/2017 (DOG 8/8)

1.6. Criterios xerais sobre avaliación, promoción e titulación

1.6.1. Criterios xerais sobre avaliación

O Decreto 86/2015 establece que *“A consellería con competencias en materia de educación garantirá o **dereito dos alumnos e das alumnas a unha avaliación obxectiva e a que a súa dedicación, o seu esforzo e o seu rendemento se valoren e se recoñezan con obxectividade, para o que establecerá os oportunos procedementos. Co fin de garantir o dereito dos alumnos e das alumnas a que o seu rendemento se valore consonte criterios de plena obxectividade, os centros docentes adoptarán as medidas precisas para facer públicos e comunicar ás familias os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe, as estratexias e os instrumentos de avaliación, e os criterios de promoción.”***

As **programacións** dos departamentos didácticos conterán os criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado. Deseguido reflíctense os **criterios xerais de avaliación de centro:**

- Os **titores** xunto cos **delegados** velarán por unha planificación equilibrada das diferentes **probos e/ou exames**.
- **Trimestralmente** elaborárase un **calendario consensuado** de probas por **grupo e aula**, que estará **exposto na aula de tutoría de cada grupo**.
- En **1º e 2º ESO** o **número** de exames de **avaliación e globais** está limitado a **dous por día**.
- **Reducirase** a carga de **traballo para casa** na **tempada de exames**.
- Como norma xeral, **non se celebrarán exames pola tarde**, en horario non lectivo, **agás probas de pendentes**. As exencións a esta norma quedarán reflectidas nas NOFC.
- As **programacións** didácticas, ou os seus resumos, **publicanse** na páxina web do centro, e estarán dispoñibles na secretaría do centro.
- As **programacións** didácticas do centro **elaboráranse** conforme ao **modelo integrado nos documentos de centro** e que ten o **contido establecido** na **Resolución do 20 de xullo de 2017**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2017/18, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

As programacións didácticas **incluirán** en cada materia, **polo menos**, os seguintes elementos:

- a) Introducción e contextualización.
- b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.
- c) Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia nque forman parte dos perfís competenciais.
- d) Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso.
- e) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábeis de:
 - i. Temporalización.
 - ii. Grao mínimo de consecución para superar a materia.
 - iii. Procedementos e instrumentos de avaliación.
- f) Concrecións metodolóxicas que require a materia.
- g) Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.
- h) Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado.
- i) Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.
- j) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentas.
- k) Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditaros coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.
- l) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.
- m) Medidas de atención á diversidade.
- n) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.
- o) Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico.
- p) Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

1.6.2. Criterios xerais de promoción

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, establece no seu artigo 23 sobre a Promoción, o seguinte:

1. As decisións sobre a promoción do alumnado dun curso a outro, dentro da etapa, serán adoptadas de xeito colexiado polo conxunto de profesores e profesoras do alumno ou da alumna respectivo/a, atendendo ao logro dos obxectivos da etapa e ao grao de adquisición das competencias correspondentes. A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe do alumno ou da alumna.

2. Os alumnos e as alumnas **terán promoción de curso no caso de superaren todas** as materias cursadas **ou teren avaliación negativa en dúas materias como máximo**, e **repetirán curso** cando teñan avaliación negativa en **tres ou máis materias**, ou en dúas materias que sexan **simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas**. De forma excepcional, **poderá autorizarse** a promoción dun alumno ou unha alumna con avaliación negativa **en tres materias** cando se dean conxuntamente as seguintes **condicións**:

a) Que dúas das materias con avaliación negativa non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.

b) Que **o equipo docente considere** que a natureza das materias con avaliación negativa non lle impide ao alumno ou á alumna seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción **beneficiará a súa evolución educativa**.

c) Que se lle apliquen ao alumno ou á alumna as **medidas de atención educativa propostas no consello orientador** ao que se refire o apartado 7 deste artigo. **Poderá tamén autorizarse** de xeito excepcional a promoción dun alumno ou unha alumna con avaliación negativa en **dúas materias que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas**, cando o equipo docente considere que o alumno ou a alumna poden seguir con éxito o curso seguinte, que teñen expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa, e sempre que se lle apliquen ao alumno ou á alumna as medidas de atención educativa propostas no consello orientador ao que se refire o apartado 7 deste artigo.

Para os efectos deste apartado, só se computarán as materias que como mínimo o alumno ou a alumna deben cursar en cada un dos bloques.

No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que os alumnos e as alumnas poidan cursar máis materias do devandito bloque.

As **materias coa mesma denominación en diferentes cursos** da educación secundaria obrigatoria consideraranse como **materias distintas**.

3. Quen teña promoción sen superar todas as materias deberá matricularse das materias non superadas, seguirá os programas de reforzo que estableza o equipo docente e deberá superar as

avaliacións correspondentes aos devanditos programas de reforzo. Esta circunstancia terase en conta aos efectos de promoción previstos nos apartados anteriores.

4. O alumno ou a alumna que non teñan promoción deberán permanecer un ano máis no mesmo curso. Esta medida poderáselle aplicar no mesmo curso unha soa vez, e **dúas veces como máximo dentro da etapa**. Cando esta segunda repetición deba producirse en terceiro ou cuarto curso, terá **dereito a permanecer no réxime ordinario** cursando educación secundaria obrigatoria **ata os dezanove anos** de idade, feitos **no ano no que finalice o curso**. Excepcionalmente, poderá repetir unha segunda vez en cuarto curso se non repetiu nos cursos anteriores da etapa.

5. En todo caso, as repeticións estableceranse de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumno ou da alumna e estean orientadas á superación das dificultades detectadas.

6. Esta medida deberá ir acompañada dun **plan específico personalizado**, orientado á superación das dificultades detectadas no curso anterior. Os centros docentes organizarán este plan de acordo co que estableza a consellería con competencias en materia de educación.

7. Coa finalidade de facilitar que todo o alumnado logre os obxectivos e alcance o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes, a consellería con competencias en materia de educación establecerá medidas de reforzo educativo, con especial atención ás necesidades específicas de apoio educativo. **A aplicación personalizada das medidas revisarase periodicamente** e, en todo caso, ao finalizar o curso académico.

Ao final de cada curso de educación secundaria obrigatoria entregaráselles ao pai, á nai ou aos/ás titores/as legais de cada alumno ou alumna un **consello orientador**, que incluíra unha proposta a pais, nais ou titores/as legais ou, de ser o caso, ao alumno ou á alumna do itinerario máis adecuado para seguir, así como a identificación, mediante informe motivado, do grao de logro dos obxectivos da etapa e de adquisición das competencias correspondentes que xustifica a proposta. Se se considerar necesario, o consello orientador poderá incluír unha recomendación aos pais, ás nais ou aos/ás titores/as legais e, de ser o caso, ao alumno ou á alumna sobre a incorporación a un programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento, ou a un ciclo de formación profesional básica.

O consello orientador **incluírase no expediente** do alumno ou da alumna.

O equipo docente do IES Rafael Dieste promocionará de curso ao alumnado que supere a totalidade das materias cursadas ou que teña avaliación negativa en dúas materias como máximo, que non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.

O equipo docente valorará as competencias clave en cada curso da ESO, tal e como se reflicte neste apartado.

O Decreto 86/2015 establece

- Artigo 3. “Potenciarase o desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística, da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía”
- Artigo 21. “A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado deberá ser integradora, e deberá terse en conta desde todas as materias a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e do desenvolvemento das competencias correspondente. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de xeito diferenciado a avaliación de cada materia tendo en conta os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe de cada unha delas.”

Por este motivo, **o equipo docente do IES Plurilingüe Rafael Dieste prioriza as materias troncais na contribución á consecución da Competencia lingüística (CCL) e da Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).**

Na valoración da Competencia lingüística (CCL) e da Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT) atribúese unha porcentaxe do 90% ás materias troncais estritamente relacionadas e do 10% ao resto das materias que cursa o alumno.

Avaliación final 1º ESO: Valoración competencias clave		
Competencias clave	Media aritmética das materias que computan para a cualificación	
<i>Comunicación lingüística (CCL)</i>	90% (LG-LC-Ing-Fr)	10% (resto das materias cursadas)
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)</i>	90% (Mat-BiXe)	10% (resto das materias cursadas)
<i>Competencia dixital (CD)</i>	Totalidade das materias cursadas	
<i>Aprender a aprender (CAA)</i>		
<i>Competencias sociais e cívicas (CSC)</i>		
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)</i>		
<i>Conciencia e expresións culturais (CCEC)</i>		

Avaliación final 2º ESO: Valoración competencias clave		
Competencias clave	Media aritmética das materias que computan para a cualificación	
<i>Comunicación lingüística (CCL)</i>	90% (LG-LC- Ing-Fr)	10% (resto das materias cursadas)
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)</i>	90% (Mat-FQ-Tecno)	10% (resto das materias cursadas)

<i>Competencia dixital (CD)</i>	Totalidade das materias cursadas
<i>Aprender a aprender (CAA)</i>	
<i>Competencias sociais e cívicas (CSC)</i>	
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)</i>	
<i>Conciencia e expresións culturais (CCEC)</i>	

Avaliación final 3º ESO: Valoración competencias clave		
Competencias clave	Media aritmética das materias que computan para a cualificación	
<i>Comunicación lingüística (CCL)</i>	90% (LG-LC-Ing-Fr)	10% (resto das materias cursadas)
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)</i>	90% (Mat-BiXe-FQ-Tecno)	10% (resto das materias cursadas)
<i>Competencia dixital (CD)</i>	Totalidade das materias cursadas	
<i>Aprender a aprender (CAA)</i>		
<i>Competencias sociais e cívicas (CSC)</i>		
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)</i>		
<i>Conciencia e expresións culturais (CCEC)</i>		

Para o cálculo empregárase as cualificacións numéricas do boletín, e en caso de non presentarse (NP), considerarase un 1.

Se a nota da media aritmética non é un valor enteiro, o **redondeo** realizarase da seguinte forma:

- Entre 0 e 4,75: insuficiente
- Entre 4,76 e 5,75: suficiente
- Entre 5,76 e 6,75: ben
- Entre 6,76 e 8,75: notable
- Entre 8,76 e 10: sobresaliente

1.6.3. Criterios xerais de titulación

A Resolución do 9 de xuño da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para a adopción das medidas necesarias para a aplicación do disposto no Real Decreto 562/2017, do 2 de xuño, polo que se regulan as condicións para a obtención do título de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria, sinala o seguinte respecto aos criterios xerais de titulación, nas instrucións segunda e quinta:

Instrucción Segunda:

Para a obtención do título de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria requirirase:

*Ter avaliación positiva en todas as materias, **ou negativa nun máximo de dúas materias**, sempre que non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas. A estes efectos:*

a) As materias coa mesma denominación en diferentes cursos consideraranse como materias distintas.

*b) Sen prexuízo do anterior, para obter o título **será preciso que o equipo docente considere que o alumno ou alumna ten acadados os obxectivos** da etapa e **adquiridas as competencias** correspondentes.*

Instrucción Quinta:

Na avaliación final de cada cursos realizarase unha valoración das competencias clave. Os resultados reflectiranse no consello orientador, expresándose nos termos de: Insuficiente (IN), para as cualificacións negativas, e Suficiente (SU), Ben (BE), Notable (NT) ou Sobresaliente (SB), para as cualificacións positivas. Ao final de cada curso de educación secundaria obrigatoria entregaráselles ao pai, á nai ou aos/ás titores/as legais de cada alumno ou alumna un consello orientador, que incluírá unha proposta a pais, nais ou titores/as legais ou, de ser o caso, ao alumno ou á alumna do itinerario máis adecuado para seguir, así como a identificación, mediante informe motivado, do grao de logro dos obxectivos da etapa e de adquisición das competencias correspondentes que xustifica a proposta. De considerar necesario, o consello orientador poderá incluír unha recomendación aos pais, ás nais ou aos/ás titores/as legais e, de ser o caso, ao alumno ou á alumna sobre a incorporación a un programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento, ou a un ciclo de formación profesional básica.

Este consello orientador elaboraráo o profesorado titor, logo da información recollida na sesión de avaliación final e co asesoramento do Departamento de Orientación. Levará a sinatura do profesorado titor, da xefa ou xefe do Departamento de Orientación e o visto e prace da dirección do centro docente.

O consello orientador incluírase no expediente do alumno ou da alumna.

O equipo docente considera que o alumno ou alumna ten **acadados os obxectivos da etapa e adquiridas as competencias** correspondentes **cando acade cualificacións iguais ou superiores a Suficiente en todas e cada unha das competencias clave**. O equipo docente **valorará as competencias clave**, tal e como se reflicte a continuación, tendo en conta que o Decreto 86/2015 establece

- Artigo 3. “Potenciarase o desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística, da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía”

- Artigo 21. “A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado deberá ser integradora, e deberá terse en conta desde todas as materias a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e do desenvolvemento das competencias correspondente. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de xeito diferenciado a avaliación de cada materia tendo en conta os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe de cada unha delas.”

A este respecto, o **equipo docente do IES Plurilingüe Rafael Dieste** prioriza as materias **troncais** na contribución á consecución da **Competencia lingüística (CCL)** e da **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)**.

Na valoración da **Competencia lingüística (CCL)** e da **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)** atribúese unha porcentaxe do **90%** ás materias **troncais estritamente relacionadas** e do **10%** ao resto das materias que cursa o alumno.

Avaliación final 4º ESO: Valoración competencias clave		
Competencias clave	Media aritmética das materias que computan para a cualificación	
<i>Comunicación lingüística (CCL)</i>	90% (LG-LC-Ing)	10% (resto das materias cursadas)
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)</i>	90% (Mat-BiXe-FQ)	10% (resto das materias cursadas)
<i>Competencia dixital (CD)</i>	Totalidade das materias cursadas	
<i>Aprender a aprender (CAA)</i>		
<i>Competencias sociais e cívicas (CSC)</i>		
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)</i>		
<i>Conciencia e expresións culturais (CCEC)</i>		

Para o cálculo empregárase as cualificacións numéricas do boletín, e en caso de non presentarse (NP), considerarase un 1.

Se a nota da media aritmética non é un valor enteiro, o **redondeo** realizarase da seguinte forma:

- Entre 0 e 4,75: insuficiente
- Entre 4,76 e 5,75: suficiente
- Entre 5,76 e 6,75: ben
- Entre 6,76 e 8,75: notable
- Entre 8,76 e 10: sobresaliente

A efectos de titulación, o equipo docente do IES Rafael Dieste considerará que o alumno ou alumna ten acadados os obxectivos da etapa e adquiridas as competencias se obtén unha cualificación superior a cinco en todas as materias ou, en caso de obter cualificación negativa nun máximo de dúas materias, será a xunta de avaliación a que decida por maioría simple se ao alumno ou a alumna en cuestión obterá o título. O claustro chegou ao acordo de propoñer as seguinte suxestión para ter en conta na votación para decidir a titulación no caso do alumnado que non supera todas as materias na proba extraordinaria:

- se o alumno ou a alumna non se presenta ou obtén unha cualificación inferior a 2 puntos nalguna das materias pendentes, non debería titular.
- Se o alumno ou a alumna ten 2 puntos ou máis nesas materias, debería titular.

1.7. Criterios xerais para a concesión da matrícula de honra

1.7.1. Na ESO:

- iii. Criterios xerais:** Poderase conceder a matrícula de honra ao 5% do alumnado ou fracción resultante superior a 15 do conxunto do alumnado matriculado no 4º curso sempre que “na avaliación ordinaria do mes de xuño obtivese unha nota media da etapa igual ou superior a 9”. (**Artº 13º da Res.20/7/2017**)
- iv. Criterios prioritarios:** En caso de que o alumnado que puidera ter dereito a dita matrícula de honra fora superior á porcentaxe citada concederíase a matrícula de acordo cos seguintes **criterios prioritarios**:
 1. Maior nota media no expediente académico da ESO.
 2. Maior nota media no 4º curso da ESO.
 3. Maior nota media no 3º curso da ESO.
 4. Maior número de materias do ESO con cualificación de sobresaínte.
 5. Sorteio público.

1.7.2. No Bacharelato:

- v. Directrices xerais:** Poderase conceder a matrícula de honra a un número de alumnos/as non superior ao 5% do total do alumnado de 2º curso do bacharelato sempre que “obtivesen no 2º curso de bacharelato unha nota media igual ou superior a nove puntos. (**Artº 10º da Orde do 5/5/2011**)
- vi. Criterios prioritarios:** En caso de que o alumnado que puidera ter dereito a dita matrícula de honra fora superior á porcentaxe citada concederíase a matrícula de acordo cos seguintes **criterios prioritarios**:
 1. Maior nota media no Bacharelato.
 2. Maior nota media no 2º curso do Bacharelato.
 3. Maior nota media no 1º curso do Bacharelato
 4. Maior número de materias do Bacharelato con cualificación de sobresaínte.
 5. Sorteio público.